

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 25 de novembro de 2008 pola que se lles dá publicidade ás subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2008, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento dos puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal (Diario Oficial de Galicia número 170, do 3 de setembro).

De conformidade co artigo 15.1º de la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións e co Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os órganos administrativos orzamentarios publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, nos termos que se fixen regulamentariamente, as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Único.-Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 22 de agosto de 2008 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal, que se relacionan no seguinte anexo «Concellos beneficiarios e subvenciones concedidas».

Finalidade das subvencións: axuda para gastos derivados do normal funcionamento dos puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencia que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.

Programa e crédito orzamentario de imputación: 5001.412B.460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008.

Francisco Pais López

Director xeral da División de Recursos Económicos

ANEXO

Concellos beneficiarios e subvenciones concedidas

Nome do concello	Importe total en euros
Arteixo (A Coruña)	30.571,79
Arzúa (A Coruña)	5.772,11
Boiro (A Coruña)	34.577,00
Cambre (A Coruña)	16.362,93
Cariño	4.966,69
Cedeira (A Coruña)	14.715,64
Culleredo (A Coruña)	548,18
Curtis (A Coruña)	9.451,04
Fene (A Coruña)	9.194,60
A Laracha (A Coruña)	13.995,77
Melide (A Coruña)	15.310,68
Negreira	16.569,84

Nome do concello	Importe total en euros
Oleiros (A Coruña)	28.274,69
Ortigueira (A Coruña)	7.776,04
Padrón (A Coruña)	10.307,42
Pontececeo (A Coruña)	25.057,59
As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)	19.662,20
Sada (A Coruña)	25.629,28
San Sadurniño (A Coruña)	14.406,33
Santa Comba (A Coruña)	27.589,19
Vimianzo (A Coruña)	17.281,20
Becerreá (Lugo)	13.815,22
Cervantes (Lugo)	4.692,70
O Corgo (Lugo)	15.177,77
Folgoso do Courel (Lugo)	6.140,83
Guntín (Lugo)	8.800,14
Meira (Lugo)	6.851,12
Outeiro de Rei (Lugo)	8.329,99
Palas de Rei (Lugo)	16.940,87
Pedrafita do Cebreiro (Lugo)	6.095,13
Vilalba (Lugo)	10.228,20
Bande (Ourense)	8.862,67
O Bolo (Ourense)	2.723,74
Coles (Ourense)	5.052,43
Castro Caldelas (Ourense)	10.287,65
A Gudiña (Ourense)	4.788,95
Maceda (Ourense)	14.550,90
A Mezquita (Ourense)	2.923,41
A Pobra de Trives (Ourense)	10.871,49
A Veiga (Ourense)	3.709,13
Viana do Bolo (Ourense)	639,57
Bueu (Pontevedra)	18.717,03
Caldas de Reis (Pontevedra)	8.611,14
Cambados (Pontevedra)	15.914,45
Cerdedo (Pontevedra)	10.224,90
A Guarda (Pontevedra)	19.446,59
Silleda (Pontevedra)	13.696,20
Valga (Pontevedra)	6.887,47

Resolución conxunta do 20 de xaneiro de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e da Escola Galega de Administración Sanitaria, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde.

Os coñecementos e capacidades dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios.

Neste sentido, a formación continua amósase como unha das ferramentas máis axeitadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas dos usuarios.

Para tal fin, xa en anos anteriores foron aprobados e executados, no marco dos acordos de formación continua, os plans de formación continua do persoal

de institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Na actualidade, rematado o proceso levado a cabo ao abeiro do Decreto 91/2007, do 26 de abril, (DOG nº 100, do 25 de maio) e das ordes ditadas na súa execución, de estatutarización do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, cómpre incluír no ámbito do plan de formación continua o persoal que se integra no réxime estatutario.

Os citados plans tiveron un alto grao de participación e aceptación por parte dos profesionais receptores, abrangendo a totalidade das profesións que se desenvolven no organismo.

Xa que logo, cómpre continuar con este plan na liña de actuación seguida, no intento de completar os aspectos formativos máis relevantes xa impartidos en anos anteriores e iniciar o tratamento en materias novas de notoria e notable relevancia no marco da asistencia sanitaria.

Tras a creación, por acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 19 de decembro de 1997, da Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas), que ten como finalidade primordial a formación continua e o perfeccionamento técnico de todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, asinouse entre este organismo e a escola un convenio de colaboración a través do cal a organización, xestión e execución de toda a actividade docente incluída nos plans de formación continua realizados desde o ano 1998 ata o ano 2008 correspondeulle á escola, reservando para si a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde a negociación coas organizacións sindicais do contido do plan, así como a negociación e aprobación dos criterios de selección dos participantes nos distintos cursos de formación.

Para este ano prorrogouse o devandito convenio, polo que a FEGAS organizará, xestionará e executará todas as actividades docentes do plan do ano 2009.

Este plan foi impulsado no seu deseño e elaboración pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde a través do Consello de Formación Continua, composto por representantes do Servizo Galego de Saúde, da FEGAS e das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF, asinantes do acordo de formación continua.

Así, tras unha primeira proposta de actividades formativas elaborada pola FEGAS, que foi ratificada polo consello, e escoitadas as comisións de formación de cada centro (nas cales tamén están representadas as ditas organizacións sindicais), someteuse o conxunto do plan á consideración do Consello de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, quen emitiu, por unanimidade, informe favorable, para a súa remisión e posterior aprobación polo Ministerio para as Administracións Públicas.

Por todo isto e coa finalidade de darlle á formación a continuidade axeitada que a faga realmente efectiva, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, logo do informe das centrais sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF, xunto coa Escola Galega de Administración Sanitaria, resolve facer pública a convocatoria para participar nos cursos que conforman o Plan de formación continua do persoal do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009 que se poderán descargar da páxina web da escola (www.fegas.es) que deberá resolverse consonte as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular o acceso de aspirantes ao Plan de formación continua do Servizo Galego de Saúde do ano 2009 elaborado no marco do Acordo nacional de formación continua das administracións públicas.

Segunda.-Ámbito de aplicación.

Poderá participar nas accións formativas todo o persoal que preste ou prestase servizos nas institucións do Servizo Galego de Saúde así como os traballadores pertencentes ás fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas adscritas á Consellería de Sanidade que obtivesen a condición de persoal estatutario. Ademais, deberá cumprir os requisitos exigidos para cada curso.

Non se poderá participar nunha actividade formativa se ao inicio do curso se está en situación de incapacidade temporal. Esta circunstancia deberá comunicarse por escrito á escola para cubrir a vacante e evitar a penalización que comportaría non comunicala. En todo caso, o persoal que se atope desfrutando dun permiso por parto, adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, adopción internacional ou en excedencia para o coidado de fillos e familiares poderá participar nos cursos, consonte establece o punto vinte e catro e trinta e un da Lei 13/2007, de modificación da Lei da función pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e a disposición adicional décimo novena, punto trece da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

En ningún caso se poderá participar nun curso se se fixo previamente, excepto se fai máis de cinco anos que se realizou.

Ao longo do ano soamente se poderá solicitar un máximo de seis cursos.

Poderán ser excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan correctamente cubertos os datos necesarios para realizar o proceso selectivo de alumnos.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso nos seguintes 12 meses. A escola reservara para si o

dereito a solicitar a información necesaria para verificar os datos.

Terceira.-Inscripción.

O persoal que desexe participar nos cursos deberá enviar o formulario de preinscrición debidamente cuberto exclusivamente a través da páxina web da escola (www.fegas.es).

Ante posibles incidencias, os aspirantes deberán imprimir unha copia do formulario de preinscrición enviado ou conservar o que recibirán no seu correo electrónico, para o que deberán prestar especial atención na cobertura de datos comprobando que o enderezo de correo electrónico esta correctamente escrito.

Os traballadores incluídos no artigo 45 da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes e na disposición adicional 19ª da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, deberán enviar, nos mesmos prazos, a certificación orixinal ou fotocopia legalizada desta que acredite a súa situación ao seguinte enderezo:

Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). Avenida Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL, nº 37, portal A, 1ª planta. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

O envío da solicitude non implica a admisión inmediata á actividade senón que se deberá esperar á publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos na propia páxina web da escola.

Cuarta.-Prazos de inscrición.

Para as edicións das accións formativas do primeiro semestre, o prazo comezará o 1 de febreiro de 2009 e rematará o día 20 de febreiro de 2009.

Para as edicións das accións formativas do segundo semestre, o prazo comezará o 1 de xuño de 2009 e rematará o día 20 de xuño de 2009.

Quinta.-Criterios de selección de alumnos.

1. Ser necesariamente destinatario, de conformidade co establecido no anexo para cada curso. Excluíranse aos solicitantes que xa fixesen o mesmo curso nos últimos cinco anos.

2. Unha vez aplicado o criterio anterior, de existir máis solicitudes que prazas, terán prioridade os aspirantes que realicen tarefas máis directamente relacionadas co contido básico e obxectivos do curso.

3. Menor número de cursos realizados no ano anterior.

4. Terán prioridade os empregados públicos con vínculo fixo sobre os temporais.

5. Terán prioridade os empregados públicos con maior número de tempo de servizos prestados. Este dato consultarao directamente a comisión mixta de selección das bases de presentar datos de persoal

(FIDES) e o solicitante deberá presentar, nos prazos establecidos para o envío das solicitudes de preinscrición, unicamente os servizos prestados fóra do Sistema Público de Saúde de Galicia enviándoos a:

Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). Avenida Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL, nº 37, portal A, 1ª planta. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. En cada un dos tres puntos anteriores, terán preferencia na selección os aspirantes que nos últimos dous anos estean utilizando ou utilicen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou excedencia para coidado de familiares, de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 7/2004, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, terán preferencia para participar nos cursos de formación as/os aspirantes que, durante o ano anterior á data de publicación desta convocatoria, se incorporasen ao servizo activo procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, de acordo co previsto no artigo 60.1º da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Tamén, e de conformidade co disposto no artigo 37 bis, accións positivas nas actividades formativas, da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, engadido pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, na súa disposición adicional 1ª, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos exixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houber suficientes solicitudes de participación de mulleres.

7. Por último, no caso de empate resolverase por sorteo.

Sexta.-Publicación das listaxes de admitidos.

As listaxes de admitidos serán publicadas na páxina web da escola dentro do curso correspondente e con 15 días naturais de antelación ao seu inicio. Os alumnos disporán de 10 días hábiles para enmendar erros ou facer as reclamacións que coiden pertinentes que deberán dirixir á escola a partir do día seguinte ao da dita publicación.

Rematado o dito prazo e vistas as alegacións presentadas, publicaranse as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas aos cursos na páxina web da escola.

Sétima.-Anulación de reserva.

Se o aspirante seleccionado para a realización dunha actividade docente, decide non asistir a ela,

deberá comunicar a súa renuncia exclusivamente a través da páxina web da escola, con, como mínimo, catro días naturais de antelación á súa data de inicio.

De non facelo así, e salvo motivo xustificado, non será admitido en ningunha outra actividade formativa no transcurso dos 12 meses seguintes.

Oitava.-Cotas de inscrición.

No caso de actividades para as cales se exixa o aboamento dunha cantidade en concepto de cota de inscrición, informarase debidamente sobre a forma e prazo para realizar o pagamento da correspondente matrícula.

Novena.-Requisitos de asistencia ás actividades docentes.

Primeiro.-Expedirase certificado de asistencia ás persoas que asistan á actividade. Só se poderá faltar ao 10% das horas lectivas como máximo.

Ademais, no suposto de que os cursos exijan a realización dalgunha proba ou traballo, expediráselles o certificado unicamente aos alumnos que a superen.

Só se atenderán reclamacións para a emisión do certificado ata 12 meses despois de finalizado o curso.

Segundo.-Para acreditar a asistencia, os participantes deberán asinar nos controis de entrada e saída.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2009.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División
de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional
do Servizo Galego de Saúde

María Berta Rivera Castiñeira
Directora da Escola Galega
de Administración Sanitaria

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 21 de xaneiro de 2009 pola que se convocan, para a elección de destino definitivo, os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de setem-

bro de 2007 (DOG nº 177, do 12 de setembro), convocouse o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa Resolución do 18 de novembro de 2008 (DOG nº 230, do 26 de novembro).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C, que non ocupen un posto con carácter definitivo que de conformidade coa relación de postos de traballo poida ser ocupado por funcionarios do dito corpo, ao acto de elección de destino definitivo que terá lugar no salón de actos grande da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 30 de xaneiro ás 13.00 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non compareceren persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino definitivo as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos/as aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recur-